

## CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)

### ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 18 DE XUÑO DE 2009

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a dezaoto de xuño de dous mil nove, sendo as vinte horas e trinta minutos, ten lugar a sesión extraordinaria do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa, D.<sup>a</sup> Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as:

#### **Grupo do Partido Socialista:**

D. José M. Francisco Mata Buyo  
D. Francisco Javier Santos Maseda  
D.<sup>a</sup> M.<sup>a</sup> Begoña Calviño Dorado  
D. Domingo Fuentes Rocha

#### **Grupo municipal do Partido Popular:**

D.<sup>a</sup> Silvia María Vázquez Cardelle  
D. José Luis Dans Medín

#### **Grupo municipal Veciños de Bergondo:**

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro  
D.<sup>a</sup> María del Loreto Caseiras Arroyo

#### **Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego:**

D. Manuel Parga Fernández  
D. Antón Sánchez García

#### **Non asisten:**

D. José Eduardo Zapata Roel (grupo municipal Partido Popular)  
D. Jesús Vázquez García (grupo municipal Partido Socialista)

#### **Así mesmo asiste:**

A interventora municipal:	D. <sup>a</sup> Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental:	D. <sup>a</sup> Aurelia M. <sup>a</sup> Basanta García

### **ORDE DO DÍA**

1.- DECLARACIÓN SE PROCEDE, DA DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CORRESPONDENTES Ó PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA ESTE CONCELLO.

2.- PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE, DESTINADO AO COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENEMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2), DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

**1.- DECLARACIÓN SE PROCEDE, DA DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS CORRESPONDENTES Ó PLAN ESPECIAL DE PARQUES INFANTÍS 2009 DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA ESTE CONCELLO.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“Con data 05/11/08 e núm. 6933 de Rexistro xeral de entrada, recibíuse unha circular da Excma. Deputación Provincial coas bases reguladoras do **Plan especial de parques infantís 2009**, comunicando, entre outros, que a contía da Deputación para financiar cada proxecto será dun 85% do presuposto, ata un máximo de 60.000,00 € por concello, e a achega municipal mínima será do 15% do presuposto.*

*A base núm. 5 deste Plan establece a necesidade dun acordo plenario municipal no cal deberase facer constar expresamente que o Concello conta cos terreos necesarios para a execución das obras, e coas autorizacións ou concesións administrativas que sexan precisas.*

*No acordo Plenario de data 29/01/09 declarouse no punto 4º “que por este Concello estanse a tramitar as autorizacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, así como todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias”.*

*O 10 de febreiro de 2009 (R.X.E. 880) recibíuse neste Concello requirimento da Excma. Deputación Provincial da Coruña a fin de que sexa aportada a documentación acreditativa de dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, así como das autorizacións ou concesións administrativas necesarias para a súa realización de conformidade coa cláusula 2.2 e 5.1 das bases Plan.*

*O 20 de febreiro de 2009 (R.X.S. 779) e mesma data de entrada na Excma. Deputación Provincial (asento núm. 25) solicitouse a ampliación do prazo para acreditar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, e ó 6 de marzo de 2009 (asento núm. 1477) tivo entrada neste Concello escrito no cal se acepta a ampliación do prazo petitionado.*

*Unha vez visto o informe dos Servizos Técnicos Municipais de data 21 de xaneiro de 2009, o informe denominado “Inventario de parques infantís Bergondo – A Coruña” elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Andrés Dopazo Paradela colexiado núm. 1877, e asinado en maio de 2009 R.X.E. núm. 3007 de 8 de marzo de 2009, que efectuou recoñecemento e medición das parcelas ocupadas polos distintos parques infantís do Concello de Bergondo.*

*Logo de ver as autorizacións dos distintos organismos e que constan no expediente, proponse ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

*1º.- Declarar a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a realización das obras ó abeiro do **Plan especial de parques infantís 2009** e que conta coas autorizacións e concesións necesarias para a execución das obras.*

*2º.- Comunicar o presente acordo á Excma. Deputación Provincial da Coruña.*

*Non obstante o Pleno decidirá o que estime máis conveniente.*

*Bergondo, 10 de xuño de 2009=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”*

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: soamente recordar o manifestado na Comisión Informativa de que non nos podemos esquecer dos outros parques do concello, xa que son razóns de seguridade e isto é moi importante.

Sra. alcaldesa: si se terá en conta.

Sr. voceiro do BNG: ademais recalcar que nos planos das obras que se están a facer en moitos lugares do concello, hai erros de localización dos lugares; convén recordarlles ós técnicos que os redactan que se baseen en planos actualizados.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## **2.- PLAN PROVINCIAL DE AXUDA CONTRA A CRISE, DESTINADO AO COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE REPOSICIÓN ASOCIADOS AO MANTENIMENTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS ESENCIAIS DOS CONCELLOS 2009 (PAC-2), DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

Dáse conta ós/ás asistentes a proposta de Alcaldía, ditaminada favorablemente pola Comisión informativa de asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*“No BOP. nº 74, de mércores, 7 de abril de 2009 aparecen publicadas as Bases reguladoras do Plan Provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos para o ano 2009 (PAC-2009), comunicando, entre outros, que a contía asignada para este concello é de **89.032,89 €**.*

*Así mesmo, en ditas bases estableceuse que, neste momento de crise económica, a Deputación Provincial de A Coruña pretende axudar aos concellos de poboación inferior a 50.000 habitantes no financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dado que os concellos teñen este ano menos ingresos.*

*Igualmente, o importe mínimo de cada obra será de trinta mil euros (30.000), segundo o establecido nas devanditas bases. Ademais detállase a documentación que deberá presentarse no citado Organismo, ata o vindeiro 30 de xuño, que é a seguinte: o certificado do acordo municipal de aprobación do Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2) e do Plan complementario, un informe técnico por cada proxecto e os proxectos en duplicado exemplar, incluído o do Plan complementario.*

*En consecuencia, procedeuse a solicita-la elaboración dos proxectos correspondentes e a requirir dos Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dos informes sobre os mesmos, **co fin de propoñer ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo***

***Primeiro:** Participar no “Plan provincial de axuda contra a crise destinado ao financiamento dos gastos de reposición asociados ao mantemento dos servizos públicos esenciais dos concellos 2009 (PAC-2)” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da subvención asignada a seguinte finalidade:*

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>	<b>ACHEGA MUNICIPAL</b>	<b>ACHEGA PROVINCIAL</b>
<i>Reforma de instalacións del alumbrado público de cortiñán. N-VI para adaptarlo a la normativa vigente</i>	46.933,70	12.122,98	34.810,72

Reparación y mejora del camino de O Caño a Mariñán ( Concello de Bergondo )	73.101,11	18.878,94	54.222,17
<b>T O T A L</b>	<b>120.034,81</b>	<b>31.001,92</b>	<b>89.032,89</b>

**Segundo:** Aprobar os correspondentes proxectos técnicos enumerados no apartado anterior.

**Terceiro:** Solicitar a inclusión da seguinte obra no Plan Complementario para ser financiadas con cargo aos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación ou anulacións de obras, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan ditos remanentes, aprobando o correspondente proxecto técnico.

<b>DENOMINACIÓN</b>	<b>ORZAMENTO TOTAL</b>
Pavimentación na estrada de As Leiras	42.481,81
<b>T O T A L</b>	<b>42.481,81</b>

**Cuarto:** Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**Quinto:** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**Sexto:** Autorízase á deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Non obstante o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.

Bergondo, 11 de xuño de 2009 .-A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez”

Toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: como xa dixemos na Comisión Informativa, volvemos a insistir en que se concentran as obras na parroquia de Bergondo e hai que acordarse que existen máis parroquias.

Sra. alcaldesa: como lle dicía na Comisión Informativa, os camiños que se están asfaltando son os que xa teñen saneamento; noutras parroquias o que se está facendo e o saneamento, tanto no FEIL como no PCC metéronse obras de saneamento, en Lubre, Cortiñán, etc. e non tería moita lóxica facer agora asfaltado neses camiños, outros, como o de Písón, xa lle comentamos que estaban pendentes da Consellería do Medio Rural de que nos chegue algunha notificación.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as once concelleiros/as asistentes, dos trece que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

E non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte horas e cincuenta minutos, remátase a sesión, de orde da alcaldesa, redactándose a presente acta da que eu, a secretaria accidental, dou fe.

A secretaria accidental

V. e Pr.:  
A alcaldesa

Aurelia M.<sup>a</sup> Basanta García

Alejandra Pérez Máquez